

A ARTE POPULAR NOS XUGOS DA GALIZA

POR

XAQUIN LORENZO FERNANDEZ

Ao meu mestre J. R. dos Santos Júnior.

Tan imprensíbel coma os piñeiros e coma o ceo nubrado, é o carro na paisaxe da Galiza. O seu canto é o complemento inevitábel do marmurio do ár entre os arbres e do bruido das ondas na beira mar.

É algo tan fundamente noso que sendo unha creación do home, axuda á natureza a forxar a alma dos nosos irmáns do campo.

A súa marcha vagorosa e segura fai na mente campesiña o mesmo efecto que a nosa paisaxe arisca, que os nosos ríos de augas craras e que os nosos piñeiros sempre verdes.

O que conduz un carro síntese empuxado por íl sempre cara adiante, de un xeito lento e seguro, na conquista da súa terra. O carro ensínalle os camiños do mundo e móstralle a maneira de ir por íles pouco a pouco, seían bós ou ruíns, con constancia e sin vacilacións.

O carro é unha parte integrante do vivir aldeán; non falla en ningún fogar campesiño, por probe que iste seña. Toda a Galiza está chea de carros que percorren os seus camiños, axudando ao labrego na loita cotidián coa vida.

É o carro algo que o campesiño olla coma moi seu. As vacas e o carro forman, por decilo así, parte da súa familia. É algo mais que un instrumento de traballo: é tamén o orgulo do seu propietario.

O coidado do campesiño fixase especialmente en dúas partes do carro: no eixo e no xugo.

O eixo quer ser ben feito; é a peza que resiste mais peso e compre que se nou crebe. Ademais, o bó eixo debe cantar coma un asubio:

Se queres que o carro cante,
compañeiro, meu veciño,
bótalle o eixo de freixo
e as treitoiras de sangriño.

O xugo merez unha especial atención por parte do propietario que entretén os seus ocios en decoralo a punta de navalla.

O xugo é a peza de madeira coa que se apoñen os bois ao carro.

Na Galiza usanse dúas castes de xugos: os de *mulida* e os de *canga*; estes poden ser á súa vez, de *brigueiros* e de *chanciles*.

O xugo de *mulida* (fig. 1) atase por medio de unhas correias aos cornos dos animais (fig. 2).

Os de *canga*, ben señan de *brigueiros* (fig. 3-A) ben de *chanciles* (fig. 3-B) descansan simplemente no pescozo dos bois, sen levar ningunha caste de ataduras.

Por esto, a superficie que se decora en cada xugo, varia según a caste de que iste seña.

Nos xugos de *mulida* a superficie ceibe é moi pequena, pois case todo íl vai ocupado pol-as correias que o atan aos cornos dos bois.

Nos de *canga*, pol-a contra, podese decorar todo o xugo, pois non hai nada que o estorbe.

Convén advertir que a decoración dos xugos non responde somentes a unha necesidade estética, senón que tamén pode ter un senso utilitario e outro máxico.

Así pois, a decoración dos xugos obedece a catro motivos: dous puramente utilitarios, un supersticioso e outro estético.

Os xugos, especialmente os de *canga*, teñen case igoal a súa parte anterior e a posterior; de aquí que seña preciso un sinal pra distinguir facilmente o anverso e reverso. Iste sinal pode, ao se complicar un pouco, ser ao mesmo tempo un motivo decora-




Fig. 1 — Xugo de *mulida*

tivo. Tamén se usan sinais pra que cada ún poida distinguir o seu xugo.

Outras veces, a decoración de algúns xugos obedece á necesidade de preservar o gado das influencias malignas dos nemigos que o labrego tén no mais alá, como o tardo, o demo, etc., e de outros que pertescendo ao mundo dos mortales, aproveitan certas




Fig. 2 — Xugo de *mulida aposto*

forzas superiores de que se atopan investidos, pra lle causar mal, coma as bruxas e os botadores de mal de ollo.

Con iste obxeto, fanselle aos xugos certos dibuxos que teñen a virtude de contrarrestar as forzas do mal, como é a cruz, o *salomón*, o trebol, etc.

Finalmente, os xugos decoranse co único obxeto de conseguir




Fig. 3 — Xugos de cança, de *brigueiros* (A) e de *chanciles* (B)

n-iles unha máxima beleza, pra honrar o instrumento de traballo.

Asegún seña a caste de xugo, así é tamén a parte que se decora, como xa deixamos dito.

Nos xugos de mulida samente pode ser decorada a parte central. Non obstante, esta cativa decoración é enriquecida ás veces coa forma que se lle dá ao xugo, algunhas de gran orixinalidade e que somentes responden a unha necesidade estética.

Autre as moitas formas que os xugos de mulida adquiren, escollimos tres, que se vén na figura 4.

Denantes de nada, compre faguer unha observación.

En todas as disciplinas a que o home se adica, hai unha casi imposibilidade de catalogar todos os documentos que interesan. Ista dificultade aumentase de um xeito especial cando se trata das manifestacións actuais da alma popular.




Fig. 4 — Formas de xugos de mulida

A etnografía téñ por obxeto algo vivo, algo que está de cote a nacer, a se perfeccionar e a morrer. As manifestacións populares están constantemente a se producir e a dar por variación formas novas. É algo que pertesce ao pasado e ao presente, mais tamén ao porvir.

N-iste caso particular, uns motivos tense perdido, outros perfeccionanse, estendense, atinguindo grandes áreas de difusión. Outros, nacen inspirados nos vellos ou de un xeito caprichoso. Nós non nos atopamos no punto final de unha cultura, senón nunha das múltiples fases e todo canto digamos téñ que ser referido, por isto, a un intre dado e a um pobo determinado.

Por esta razón, eu non pretendo téñ feito un coadro completo dos motivos decorativos dos xugos senon somentes dos mais xerais e característicos.

Prao eisamen dos motivos decorativos dos xugos, podemos intentar unha crasificación dividíndoos en:

- I. *Motivos xeométricos.*
- II. *Motivos non xeométricos.*

Os motivos xeométricos poden â sua vez subdividirse en:

- a) *Motivos xeométricos rectos,*
- b) *Motivos xeométricos curvos,*
- c) *Motivos xeométricos mistos.*

Vexamos agora os elementos decorativos según esta crasificación.

O motivo xeométrico recto máis sinxelo na decoración, é o coadrado, como resultante da descomposición de motivos xeométricos máis complicados.

O coadrado non aparec isolado na decoración, senón que pol-o engadido de outros elementos compárase deica adequirir certo valor estético.

O trazado das suas diagonales comenza a encher o espacio valeiro que a figura determina, dividíndoa en catro triángulos (fig. 5-A). Na superficie de estes inscíbense outros e así temos conseguido un motivo decorativo completo (fig. 5-B). Esta é a forma máis sinxela en que adoita empregarse o coadrado.

Cando somentes levan as diagonales atopanse agrupados en numero variábele, que responde â forma e tamaño da parte que se trata de encher. Unhas veces agrúpanse en senso lonxitudinal e outras formando un coadrado maior (fig. 5-C-D). Usanse tamén, anque raramente, coadrados que, no canto das diagonales, levan inscritos outros coadrados (fig. 5 E).

Os coadrados que se agrúpan formando ún maior, úsan-se tamén con diagonales e triángulos inscritos, complicándose notablemente de iste xeito o motivo primitivo (fig. 5-F).

O valor decorativo dos coadrados crece considerablemente n-unha forma máis usada. que consiste en trazar as bisectrices

dos ángulos resultantes das diagonales. Os coadrados así feitos agrúpanse deica encher o espacio destiñado a iles. Resultan de aquí unha serie de triángulos cuas superficies se tallan en bisel, dando gran vistosidade ao xugo que decoran (fig. 6).

Os coadrados, con calquera dos aditamentos que levamos visto, podense tamén atopar agrupados pondo en contacto os seus vértices e estendendo iste motivo na dirección e extensión que se precise (fig. 7-A-B C).

De estas agrupacións lonxitudinales de coadrados, ben teñan en contacto os vértices, ben os lados, trazandolles somentes unha diagonal, podemos considerar derivados outros dous motivos decorativos: a espiña de peixe e o zigzag (fig. 7-D E).

A primeira é de pouco emprego, mais non así o zigzag, cuio uso non se limita a Galiza, senón que o atopamos en todol-os tempos e en todol-os países.

O zigzag vai de cote incruído autre dúas liñas paralelas e o seu trazado pode ser máis ou menos sinxelo según os elementos de que conste (fig. 7-F-G).

O zigzag pode estar formado por unha soia liña, por dúas,




Fig. 5

por tres, etc., e os espazos valeiros que quedan entre as paralelas que o limitan, poden ir decorados con triángulos inscritos.

Todo o que levamos dito dos coadrados, podese dicir tamén dos rectángulos, que substitúen aos coadrados cando o espazo a decorar así o exige pol-a súa forma. Atópanse os rectángulos agrupados, con diagonais, con triángulos inscritos nos que determinan as diagonais, etc. (fig. 7-H I-L).




Fig. 6

Finalmente, coma motivo xeométrico recto, citaremos o reticulado, perpendicular ou oblicuo (fig. 7-M).

Iste reticulado adoita empregarse, mais ou menos miúdo, pra encher os espazos valeiros que podían quedar entre os motivos decorativos empregados ou nas que istes mesmos motivos determinan dentro de si.

Nos motivos xeométricos curvos, o elemento mais sinxelo, a forma xeneratriz é a circunferencia. De ela derivanse todol-os demais.

O mesmo que ocorre co coadrado, a circunferencia rarisimamente se usa isolada. A forma mais simple en que adoita aparecer é como dúas ou mais concéntricas (fig. 8-A).

De todol-os motivos xeométricos curvos, o mais usado é, sen dúbida, a rosa de seis follas (fig. 8 B).

Iste motivo ten un curioso detalle que compre faguer resaltar: Si apoiamos n-unha superficie as puntas de un compás de carpinteiro, e faguemos xirar alternativamente cada unha de elas, sen erguelas pra nada, resultaranos trazada unha rosa de seis follas.

Esto fai moi usado dito motivo, pois aparte do seu valor




Fig. 7

estético, positivamente grande, o seu trazado é moito mais sinxelo que o de outros motivos de tanta complicación.

Si pra o trazado das follas aproveitamos coma centros os puntos en que dous diámetros perpendiculares cortan a circunferencia xeneratriz, saíranos unha rosa de catro follas, motivo tamén empregado con certa intensidade, anque non tanta, dende logo, coma a de seis (fig. 8-C).

Se colocamos varias rosas de catro follas unhas a seguido

das outras e trazamos novas follas que determiniñen triángulos coelas, teremos unha greca, que podemos tamén consideirar for-




Fig. 8

mada por coadros con diagonales, cujas rectas son substituídas por follas (fig. 8-D).

O valor decorativo das grecas é moi grande, pois é mester que teñamos en conta que as partes a decorar nos xugos son, en xeral, alongadas e con ningún motivo se decoran tan facilmente como coas grecas.

A maioría das veces a rosa de seis follas aparece con certas complicacións.

A mais usual, consiste en faguer n-ela o que se fai, como xa vimos, en case todol-os motivos: utilizar figuras inscritas pra encher os espazos valeiros: Nas follas da rosa trazanse paralelas âs curvas compoñentes. Os triángulos curvos que forman as follas coa circunferencia xeneratriz enchense con outros triángulos curvos inscritos. A pesares de que isto complica moito o motivo primitivo, o seu trazado segue sendo sinxelo, pois conservanse os mesmos centros con que se trazou a rosa (fig. 8-E).

Anque iste motivo ten xa así unha gran complicación esta podese aumentar e así se atopa moitas veces. Os arcos comprendidos entre os puntos de contacto das follas e a circunferencia xeneratriz, transformanse â sua vez en novas follas, cuia superficie se enche con paralelas (fig. 8-F). Esta complicación aumenta tamén a dificultade do trazado, pois pra conseguir estas novas follas faise preciso o emprego de seis novos centros. Por esta razón, empregase algo menos que a rosa de seis follas eisaminada anteriormente.

Ante os motivos mistos, o mais lóxico é o formado por unha circunferencia cos seus diámetros (fig. 9-A). O número de estos varia según o tamaño da circunferencia e a necesidade de encher mais ou menos o seu interior. O emprego de iste motivo é moi escaso.

Ainda menos, empregase a circunferencia inscrita n-un polígono, xeralmente un coadrado (fig. 9-B). O seu valor decorativo é, pol-o demais, case nulo.

Mais abundoso, dentro do pouco que se empregan os moti-

vos xeométricos mistos, é a circunferencia circunscrita a un polí-




Fig. 9

gono que leva trazadas as suas diagonales e outros polígonos

inscritos nos espazos valeiros. O mais corrente é que seña un exágono, pol-a maior facilidade do seu trazado (fig. 9-C).

As circunferencias concéntricas de que denantes falamos, adquiren un gran valor decorativo, trazando entre elas úns zigzags e enchendo a central con diámetros (fig. 9-D).

Iste motivo emprega-se casi sempre pra decorar os extremos do xugo ou a súa parte central. Cando decora os extremos adoita faguerse somentes a mitai do dibuxo.

Esto mesmo ocorre con case todol-os motivos que se fan dentro de unha circunferencia e que, pol-o tanto, non é facil dis-pór en forma de greca.

Cando as circunferencias concéntricas son duas e o zigzag toca en seis puntos de cada unha de elas, si trazamos na central seis diámetros e suprimimos logo esta circunferencia, obteremos unha rosa de seis follas rectas (fig. 9-E). Iste motivo, cecais pol-o seu parentesco coa rosa de seis follas curvas, é un dos mais usados dentro dos motivos mistos.

Atopamos entre istes motivos xeométricos, ún que tén, non somentes valor decorativo, senón tamén un senso profiláctico: trátase da estrela de cinco ou de seis puntas (fig. 10-A-B).

Anque non figuran curvas n-iste motivo, incriuimolo entre os mistos porque prao seu trazado precisase unha circunferencia. Istes motivos son coñecidos co nome de *salomóns* e o seu obxeto é preservar o gado do mal de ollo e dos feitizos das bruxas.

Co mesmo obxeto que os *salomóns*, usase tamén a cruz, que pode ser de varias formas (fig. 10-C). A cruz siñifica a cristiaizacón de un motivo profiláctico calquera, ben seña o *salomón*, ben outro hoxe perdido.

Como facilmente se comprende, os motivos decorativos non xeométricos escapan a toda sistematización. Dependen do capricho do artista e non hai ningún canon ao que se axusten. Non obstante, observase certa preferencia cara algún de iles. Predomiñan

os motivos vexetales, especialmente aqueles que poden usarse como grecas, como ocorre coas ramas con follas laterales (fig. 11-A).

Preto de Sant-Iago de Compostela atopei unha fermosa estilización de rosa, feita en releve (fig. 11-B).

Mais raramente atopanse representacións animais mais ou




Fig. 10

menos estilizados, especialmente paxaros, mais o seu uso constituíe nos xugos unha excepción.

O xeral é que se aproveiten os motivos vexetales.

Como derivados da espiña de peixe que denantes vimos, podemos considerar dous motivos non xeométricos: ún formado por pequenos ángulos cos vértices na mesma dirección e outro semellante a iste, mais con follas no canto dos trazos rectos (fig. 11-C-D).

Ben é verdade que tamén a espiña de peixe a podemos considerar coma a estilización de unha rama vexetal, pero é mester

ter en conta que a crasificación que fixen dos motivos decorativos téñen por único obxecto facilitar a esposición do tema, sen que eu pretenda que esta división seña axustada a realidade.

Así derivo uns motivos dos outros pol-o seu parentesco e non porque de feito se produzan así.

Tamén é bastante frecuente o emprego do sogueado, faguendo un baquetón en releve e sinalando con trazos inclinados a trama da corda (fig. 11-E).

Finalmente, coa goiba empregada na feitura do xugo, conseguise unha decoración especial formada por meias luas (fig. 11-F-G).

Todos estes motivos, tanto os xeométricos coma os non xeométricos, empreganse indistintamente e ningún forma exclusivamente parte da decoración do xugo, senón que se mezclan uns con outros, combinanse, modifícanse deica formar unha serie infinda de decoracións.

Non obstante, algúns de estes motivos predomiñan en certas partes do xugo, por adaptarene mellor ás necesidades da peza que se quer decorar, pois é mester que teñamos en conta que toda a inventiva popular está limitada sempre pol-as posibilidades materiais.

Así por exemplo, cando se queren decorar os chanciles de un xugo, precúranse motivos que señan fáciles de estender en senso lonxitudinal, como é o zigzag, o reticulado antre paralelas, a espiña de peixe, as ramas vexetales, etc.

Prâ parte central do xugo, no espacio que deixa ceibe o loro, buscanse asuntos isolados: rosas, coadrados, circunferencias concéntricas, motivos froraes, etc.

Istes mesmos motivos son tamén empregados prâ decoración dos dentes ou *mornalles* e praos extremos do xugo, faguendo de remates da decoración central.

Xa temos dito mais atrás que os xugos de *mulida* decoranse pouco e dixemos tamén porqué.

Case unicamente se usan n-iles as cruces e os *salomóns* na parte central que o loro deixa ao descuberto.

Nos xugos de canga, a parte decorada é mais estensa.




Fig. 11

Cando o xugo é de *brigueiros*, decorase a parte horizontal, pois os *brigueiros*, por seren pezas redondas, moitas veces de ferro, e por iren somentes na parte inferior e pol-o tanto pouco visibres, non se decoran.

Cando o xugo é de *chanciles*, como estas pezas son cháiras e sobresán por riba do xugo, ofrecen un bo campo prá decoración.

Así pois, os xugos que presentan unha parte decorada mais estensa son os de *chanciles*.

Cando se quer decorar un xugo con certa vistosidade e extensión, adoitan empregarse motivos xeométricos. Os non xeométricos reducen o seu campo á decoración da parte central, aos estremos e, ás veces, as *mornalles*.

No resto do xugo tamén se empregan, anque poucas veces, os motivos vexetales e n-iste caso escollense ramas ou outros semellantes que podían formar greca.

Nos xugos da figura 12, escollidos antre 97, aparecen misturados todos estes motivos.

Na Galiza é rarísimo o policromado nos xugos. Somentes conseguin deica hoxe recoller dous cúa decoración fose completada co emprego de coores.

Os motivos decorativos de estes xugos son dos mais correntes e somentes o feito de estaren policromados os distingue un pouco, auque á policromía seña mais ben probe.

Un de iles (fig. 13-A), é de preto de Sant-lago de Compostela e o seu dibuxo é moi sinxelo: unha simple rosa de catro follas.

O outro (fig. 13 B), é de *mulida* e foi recollido en Calvos de Randín, no sul da provincia de Ourense, moi preto da raia portuguesa.

A coor roxa de iste xugo é moi empregada en toda a rexión da Limia pra conservar as rodas dos carros. Algunhas veces, a coor estendese ao xugo, coma n-iste caso.

As outras coores, azul e marela, son moi correntes na arte popular galega: son as que predomiñan nas mantas, etc., e obtéñense por meio de anilinas.

Pra dar maior realce aos motivos decorativos empregados nos xugos, utilízase, aparte da coor, os procedimentos técnicos de *trazalos*.

O mais corrente é que se fagan con liña seguida.

Non obstante, cando o motivo é sinxelo, usase o punteado.
É moi frecuente, dado o seu alto valor estético, tallar en bisel os planos do dibuxo, pois dá un gran releve ao total.




Fig. 12

Estas tres técnicas, a de trazo seguido, a de punteado e a de talla, non se empregan isoladas, senon que se misturan e n-un xugo poden entrar as tres.




FIG. 13.

Pol-a provincia de Lugo é moi frecuente realzar a decorada dos xugos coa aplicación de clavos dourados, especialmente nos centros das figuras e nos puntos de cruces das liñas.

Antre os motivos decorativos que levamos visto, destacan pol-a abundancia do seu emprego os coadrados con diagonales, o zigzag, e sobre todo, a rosa de seis follas. É raro o xugo decorado no que se non atopa algún de istes motivos ou os seus derivados.

Tanto úns coma outros, os motivos que levamos examinados, rara vez se usan isolados na ornamentación do xugo. Xeralmente, combinanse úns con outros dando variedade á decoración.

E precisamente n-isto, na maneira de combinal-os motivos é onde se manifesta a persoalidade da Galiza n-iste senso.

Os motivos elementais, como producto da ialma popular, son universales. A maioría dos que levamos visto teñen un vello abo-lengo e unha gran área de difusión.

A rosa de seis follas aparez xa nas citanias, podendo velas nas cerámicas decoradas de Briteiros, n-unha pedra atopada por Cuevíllas en San Cibrán das Lás, etc. Vemola tamén no vello arte xermánico e aínda hoxe se atopa na arte popular do ourente europeo.

O zigzag aparez abundantemente na decorada das cerámicas pre e protohistóricas. N-elas podemos ver tamén os circos concéntricos, a espiña de peixe, os coadrados con diagonales, o reticulado, as rosas de seis e de catro follas, o sogueado, etc.

O motivo que vimos feito coa goiba, en forma de meias luas, téñ unha extensión universal, pois incluso o atopamos nos productos da arte americán precolombiana.

Como vemos, istes motivos aparecen en todo o mundo e en todol-as épocas.

Pol-o tanto, non-os podemos considereir coma privativos e característicos de un pobo determinado nin se lles pode sinalar un antecedente histórico certo.

Nacen ao mesmo tempo que nace no home o afán estético, a necesidade de fuxir da superficie espida de motivos que creben a súa monotonia.

Istes motivos son así patrimonio de toda a humanidade. Todo os pobos da terra os poden reclamar coa mesma xusticia.

A persoalidade da Galiza n-iste senso, non estriba, pois, en ter istos motivos, senón en telos todos e, sobre todo na maneira de combinalos.

Galiza é un fisterre e, como tal, un lugar de sedimentación de razas e de culturas. Os pobos que viñeron rematar os seus vieiros n-ela, foron deixando a súa arte, misturandoa coa que aquí había, adequirindo logo personalidade. Así naceu a nosa arte popular actual.

Dos motivos que hoxe emprega esta arte, uns serían indíxenas, é dicir, nados na Galiza, anque os seus creadores fosen pobos alieníxenas; outros viñeron despois a se sobrepoñer, ou mellor, a se misturar cos xa existentes.

Así, total-as as razas que chegaron á Galiza, cooperaron cos seus elementos á formación da nosa cultura actual. Ela é, n-iste aspecto, a síntese de total-as demais.

A ialma galega, tén o que cada unha das razas que contribuíron a formala trouxo consigo, pero tén mais que cada unha de elas, porque tén o de todas xunto.

A persoalidade de iste noso arte consiste no xeito de combinar os motivos decorativos e na preferencia que se dá a algúns de iles.

Agora ben; a arte popular, responde unicamente a un sentimento estético dende un comenzo?

Coido que non.

Vimos xa que a decoración dos xugos obedece a outros tres motivos: un como sinal, outro como marca de propiedade e outro supersticioso.

Iste derradeiro é o que mais importancia parez haber tido, e cecais tamén o de marca de propiedade.

Depois, de un lado o desexo de presentar coa maior honra posible o motivo protector, e de outro o afán de aproveitar o seu valor estético, foran complicando o sinxelo motivo inicial deica faguer desaparecer, moitas veces, o primitivo senso protector do dibuxo.

Nos tempos actuais comenza a desaparecer o decorado coma profiláctico e para a ser puramente estético, conservando somentes o seu valor utilitario de sinalar a dianteira do xugo e coma marca do seu propietario.

Todos istos motivos decorativos, así como as composicións feitas con iles, deberon tén un senso simbólico, deberon querer dicir algo.

Mais calquer interpretación que hoxe se intente, parezme por demais aventurada.

Podese indicar algo, faguer suposicións, sentar hipótesis, mais tendo en conta que se basan no ár, sen cimentos sólidos.

Cofecece o simbolismo de algúns de istos motivos nas culturas de certos pobos primitivos actuais, mais isto non quer dicir que poidamos interpretalos do mesmo xeito cando os vemos n-outros pobos distintos.

Dentro do pouco que podemos ver n-iste senso na nosa arte, parez destacarse un feito: o desexo do campesiño de honrar, primeiro, o útil de traballo e logo, á natureza. Todo os decorados de xugos, parecen tender a unha representación de certos elementos naturais.

Ramas, follas e froes, aparecen en abundancia, mais ou menos estilizadas, c-unha gran fidelidade case sempre.

É a ofrenda do campesiño á terra que lle dá o pan.

A estrela de seis puntas e a circunferencia con diámetros interpretanse en moitos sitios coma imaxes do sol, mais eu non sei deica que punto podemos dala por boa n-iste caso

concreto. Temos que nos limitar a sinalar a posibilidade de que seña así.

Outras veces, as menos, a simboloxia aparece mais crara, como ocorre co sogueado, imaxe do adival con que se ata a carga no carro.

O caracter craramente máxico dos *salomóns*, non permite buscarlle unha simboloxia feita pol-o pobo. Dereitamente tomados da pentalfa de Salomón, empreganse unicamente pol-a súa forza contra o mal.

Prao mesmo, anque con caracter cristián, son usadas as cruces.

Como queira que seña, a simboloxia dos motivos decorativos dos xugos case está perdida de todo.

O pobo segue e seguirá empregando rutinariamente estas decoracións porque así llo veu faguer aos seus antergos.

Os tempos novos tragneran modificacións de istes motivos, dando lugar a aparición de formas descoñecidas denantes; outras, perderanse e n-esta evolución permanecerá, non obstante, íntegra e pura a ialma popular que preside todo o progreso do pobo, conservando n-il unhas arelas, unhas preocupacións e un sentimento que perdura namentres cambian as xentes e o tempo trai novas necesidades que esa alma popular saberá aproveitar pra reafirmación da súa persoalidade.